



Vocabulario. O PORTO

12

- 1** Describe as escenas utilizando unha palabra de cada grupo para cada imaxe.


EMBARCACIÓNS

transatlántico	iate
lancha	veleiro

A



B



C



D


ACCIÓNS

levantar áncora	izar
embarcar	amarra

- 2** Elixe a palabra adecuada a cada definición. Que parte do porto é?

- É o muro que protexe o porto das ondas. ► dique / peirao
- É o lugar onde se reparan e se constrúen os barcos. ► bocana / estaleiro

- 3** Escribe un significado relacionado coas embarcacións para estas palabras.

- patrón ►
- ponte ►
- casco ►
- aparello ►

OS ARCAÍSMOS

Os **arcaísmos** son as palabras antigas do galego, é dicir, as que se usaban en etapas anteriores da lingua, pero que na lingua actual foron substituídas por outras. Por exemplo: *nao* por *nave*.

Aínda que é posible atopalos nalgúns textos, hai que evitar a súa utilización na lingua.

- 4** Localiza e substitúe o arcaísmo empregado en cada oración polo termo actual.

- Lembra ben aquela vegada en que oíu ouver os lobos.
- É un rapaz tan outo que non cabe polas portas.
- Loitaron moitos anos por conquetar os seus dereitos.
- A gran poeta recibiu unha homaxe de todo o pobo.

alto
conquistar
homenaxe
vez

UTILIZA O DICIONARIO

- 5** Coa axuda do dicionario, localiza no texto catro arcaísmos e substitúeos polas formas actuais.

No último capitulo da novela que acabei de ler, o capitán abandona a cibade. Descansar alí favorecerá o ánimo dos mariñeiros, que ben merescían unhas vacacións.

181

